



Área / Unidad CEMENTERIOS MA2400 GBA	Documento 7411AI00HC	Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/1438/2026 26/01/2026
<i>Código de verificación</i>  644K 0018 4L4F 712G 08PD	<i>Expediente</i> 741/2026/208	
	<i>Fecha</i> 23-01-2026	

ASUNTO: DECLARACIÓN DE EXTINCIÓN DO DEREITO DE USO DE INSTALACIÓN FUNERARIA POR VENCEMENTO DO PRAZO

RESOLUCIÓN

Á vista do informe proposta co código 7411AI00GJ de documento emitido no Servizo de Medio Ambiente asinado electrónicamente o 23.01.2026, en uso das facultades atribuídas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, que foron delegadas pola Xunta de Goberno Local mediante acordo adoptado na súa sesión do día 04.07.2024 (BOP núm.129, do 5 de xullo de 2024) na concelleira de Medio Ambiente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: DECLARAR CADUCADO o procedemento no que se declarou a extinción do dereito de uso do nicho sinalado co núm. 117,departamento 18º,ringleira 3ª do Cemiterio de Santa Cecilia de Feáns-Mesoiro, por resolución de núm. RES/AYT/14278/2022 do 17.06.2022 (expediente 741/2022/493) por non ser notificada a mesma no prazo máximo legalmente establecido; de conformidade co artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SEGUNDO: INICIAR o procedemento para declarar a extinción do dereito de uso do nicho sinalado co número 117, departamento 18º, ringleira 3ª do Cemiterio de Santa Cecilia de Feáns-Mesoiro que lle foi concedido en réxime de concesión administrativa a Laureano Míguez Suárez (falecido) e Montserrat Raspall Torrent polo vencemento do prazo máximo de duración que rematou o 18 de setembro de 2003

TERCEIRO: OUTORGAR trámite de audiencia aos interesados por un prazo de **10 días hábiles**, para que aleguen e presenten os documentos e xustificacións que estimen oportunos para a defensa dos seus dereitos e intereses de conformidade co disposto no artigo 82 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 02.10.2015.)

Advírtese que rematado o devandito prazo sen que os interesados formulen alegacións ou acheguen novos documentos, continuará a tramitación do



procedemento coa declaración da extinción dos dereitos funerarios e procederase a exhumación dos restos cadavéricos existentes nas instalacións funerarias para o seu traslado ao osario municipal.

A Coruña, na data da sinatura dixital que figura neste documento.

Eudoxia María Neira Fernández

Concelleira de Medio Ambiente

Por delegación da Xunta de Goberno Local do 04.07.2024 (BOP núm. 129 do 05.07.2024)